



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES  
SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES

Ref. 2019000019899

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DO COMITÉ DE SELECCIÓN PARA AS RESIDENCIAS DE ESCRITORAS/ES E PENSADORAS/ES EN RIANXO DURANTE O ANO 2019**

**Don Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

De conformidade coa Base Quinta das *Residencias de escritoras/es e pensadoras/es en Rianxo durante o ano 2019* cuxa convocatoria foi publicada no BOP nº 101 do 30 de maio de 2019,

**RESOLVO:**

1.- Nomear ao comité de selección para as residencias de escritoras/es e pensadoras/es en Rianxo durante o ano 2019 que estará constituído polas persoas seguintes:

Presidente: Presidente da Deputación ou Deputado/a na que delegue

Vogais: Adolfo Francisco Muiños Sánchez  
David Carballal Cuña  
Roberto Abuín González

Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat Ruiz, xefa do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, ou, no caso da súa ausencia, Manuela Muñiz Souto, xefa da Sección de Cultura e Deportes.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.